



MARRANIAU

 **GUILLEM COLL**

 **MARÍA EIRIZ**



TOP SECRET



15'



2-5



+8



InvestiGatos, a prestixiosa axencia de detectives na que traballas ven de recibir un encargo importantísimo.

Os gatos da condesa Gatafiore, fartos de almorzar boliños de crema cada día, fuxiron da mansión e seica os viron fedellando por un bosque próximo.

A condesa, moi preocupada polo benestar dos seus michos quere que llos devolvades sans e salvos.

COMPOÑENTES:

• 30 cartas de carpeta (58x88)

• 31 cartas de bosque (58x88)



OBXECTIVO:

Atopa e atrapa a tódolos gatos fuxitivos que figuran na túa carpeta antes de que o resto atrape aos seus.

PREPARACIÓN:

1. Separa as cartas en dous mazos: o mazo de bosque e o mazo de carpetas. Distínguense facilmente polos dorsos. Baralla os dous mazos por separado.
2. Toma as cartas de bosque, fai tres pilas e colócaas no centro da mesa. Dúas pilas terán 10 cartas e unha terá 11. Deixa un oco á beira de cada pila para poder facer outra pila de cartas volteadas. Esta será a zona de bosque.
3. Toma as cartas de carpeta e reparte 6 ao azar a cada xogador. Cada persoa toma as súas 6 cartas e forma dúas pilas de tres cartas diante súa, ámbalas dúas cara a arriba. Esta será a túa carpeta de gatos fuxitivos. Se sobran cartas de carpeta, devólveas á caixa (ver exemplo en páx. 9).
4. Pon o dado sobre a mesa. Decídide quen será o primeiro Buscagatos; se non vos poñedes de acordo podedes inventar algunha regra absurda coma “a persoa que miañe mellor”.



Para partidas a 2 xogadores retira a carta de nobelo de la e déixaa na caixa.

COMO SE XOGA:

Marramiau é un xogo en tempo real no que todos xogaredes á vez. Concéntrate, non te deixes distraer polo caos ao teu redor e todo irá ben.

En todo momento haberá unha persoa que estea a xogar como Buscagatos; mentres, o resto estará na Axencia pelexando por ocupa-lo seu posto.

1. O bosque. Buscagatos:

- Mentres sexas Buscagatos terás que aproveita-lo tempo ao máximo antes de que alguén ocupe o teu lugar e te mande de volta á Axencia.
- A túa misión como Buscagatos é **buscar, atopar e atrapar no bosque a tódolos gatos fuxitivos que figuran na túa carpeta.**
- Busca ós teus fuxitivos nas pilas de bosque volteando cartas e respecta as normas de conduta da Axencia:

- Coloca as cartas que voltees formando unha soa pila cara a arriba a carón da pila do bosque (cara a baixo) na que esteas a buscar (ver exemplo en páx. 9).
- **Só podes usar unha man**, por iso só poderás voltear 1 carta cada vez. Podes comezar a buscar en calquera pila, parar cando queiras e comezar a buscar noutra pila distinta.
- Cando voltees a derradeira carta dunha pila e todas estean cara a arriba, terás que darlle a volta á pila e deixala cara a abaixo antes de poder seguires explorando outras pilas. Non cambie-la orde das cartas, **só coloca a pila rematada cara a abaixo**.

- Cando voltees unha carta de bosque e atopas a un dos teus fuxitivos -mesma postura e cor- di en voz alta **“COLLINTE!”**, e poderás descartar-la carta de carpeta correspondente deixándoa ao teu carón.
- A carta de bosque queda na pila de bosque, non se descarta. Agora terás un novo fuxitivo para buscar.
- Se rematas unha das dúas pilas da túa carpeta, só terás un fuxitivo para buscar no canto de 2.
- Ten en conta que os teus oponentes queren ocupa-lo posto de Buscagatos; mentres buscas tentarán que perda-lo tempo mediante as máis sofisticadas tácticas de distracción.

2. A Axencia. Detectives:

- Mentres tanto, na Axencia, os detectives inactivos loitan por ocupa-lo cargo de Buscagatos, completa-la súa carpeta e levar todo o mérito.
- Por quendas e, comezando pola persoa á dereita de Buscagatos, os detectives inactivos debes **tira-lo dado unha vez cada un**, aplica-lo resultado obtido, e pasa-lo dado á persoa da vosa dereita para que faga o mesmo.
- Que pasa co dado? Depende do que saques:



- **1, 2 ou 3**: non sucede nada; bo, si: **pasa o dado** á túa dereita, bule!



- **4**: di en voz alta **“CHOCA!”** Buscagatos terá que parar de buscar e chocar contigo a man que usa para voltear as cartas antes de seguir buscando.
- A persoa á túa dereita pode ir tirando o dado mentres Buscagatos perde uns segundos preciosos.



- **5** ou **6**: di en voz alta **“MARRAMIAU!”** Buscagatos terá que parar e voltar á Axencia; ti ocuparás o seu lugar e poderás comezar a buscar aos teus fuxitivos.
- A persoa da túa dereita toma o dado e continúa coa rolda para tentar converterse en Buscagatos.



Pista: mentres estas na Axencia, **trata de reparar** nas cartas de bosque que revele Buscagatos para tentar localizar aos teus gatos fuxitivos.



3. O nobelo de la:

- Entre as cartas de bosque hai un nobelo de la vermella, irresistible para calquera gato. Cando Buscagatos voltee a carta de nobelo de la debe parar de buscar e agardar sen dicir nada.
- Os detectives que estean na Axencia tirando o dado terán que **poñe-la man sobre o nobelo de la**. A primeira persoa que poña a man poderá descartar unha das súas cartas de carpeta visibles.

- Antes de retoma-lo xogo Buscagatos ten que colocar a carta de nobelo de la cara a arriba enriba doutra das pilas de bosque que estean cara a arriba.
- Feito isto podedes continuar coa partida respectando as quendas.

! Buscagatos non pode beneficiarse do efecto do nobelo de la.

4. Variante michiña:

- Para acurtar e simplifica-lo xogo podes xogar a variante michiña, que só afecta ás accións de Buscagatos (ver páxs. 12 e 13).
- Cando Buscagatos atope a un dos seus fuxitivos descartará tanto a súa carta de carpeta como a carta de bosque que corresponda ao gato que atopase.

REMATE DA PARTIDA

A primeira persoa que atope e capture a tódolos fuxitivos da súa carpeta gañará a partida.

Tamén recibirá un ascenso e un aumento de soldo en InvestiGatos. E unha bandexa de boliños de crema, cortesía da Condesa Gatafiore.



EL BOSQUE

O BOSQUE



1 3 5 Pilas de bosque (bocabajo)
Pilas de bosque (cara a abajo)

2 4 6 Pilas de volteo (bocarrriba)
Pilas de volteo (cara a arriba)

TU DOSIER

A TÚA CARPETA



1 Fugitivos buscados
Fuxitivos buscados

2 Fugitivos capturados
Fuxitivos capturados



HOLA!

OLA!

KAIXO!



Somos Buscalume. Hacemos juegos familiares bonitos y divertidos y, ¿sabes? ¡Tenemos más!



Somos Buscalume. Facemos xogos familiares curriños e divertidos e, sabes? Temos máis!



Som Buscalume. Fem jocs familiars, bonics i divertits i, saps? en tenim més!



Buscalume gara. Joko familiarrak, politak eta dibertigarriak egiten ditugu. Joko gehiago ditugu!

+INFO



www.buscalume.com



@buscalume



/Buscalume



@Buscalume